



## CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS QUINCE, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DIA DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE

Na Casa Consistorial de Poio, ás oito horas e quince minutos do día dous de febreiro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Luz Senra Lorenzo, D<sup>a</sup>. Silvia Iglesias Diaz, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel A. Pazos D. Manuel Domínguez Álvarez, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D<sup>a</sup>. Irene Ligerio Iglesias e D. Alberto Villaverde Méndez; actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Díaz Ramos como delegada da Xunta Electoral de Zona. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3209.- ACTO DO SORTEO PÚBLICO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS QUE PARTICIPARÁN NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALIZA QUE SE REALIZARÁN O 1 DE MARZO DE 2009.- Polo Presidente declárase aberta a sesión, tralo que se da conta da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 2/1980, de 18 de xaneiro; 5/1985, de 19 de xuño; 8/1991, de 13 de marzo, 6/1992, de 2 de novembro, e 13/94, de 30 de marzo, 3/1995 do 23 de marzo, Real Decreto 489/1995, de 3 de abril polo que se ditan normas reguladoras dos procesos electorais, e Decreto 605/1999, 16-4, de regulación complementaria dos procesos electorais.

De conformidade co artigo 26 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral: 1).- A formación das Mesas compete ós Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona. 2).- O Presidente e os Vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na mesa da sección correspondente, que sexan menores de 65 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grao, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente. 3).- Procédese da mesma forma o nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa. O artigo 25 da

devandita Lei sinala que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais.

A documentación existente neste Concello consiste en copias do Censo Electoral Ordinario, referido ao 31 de outubro de 2008, confeccionado pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con lista de electores referidos ás Mesas dos Distritos e Seccións do termo municipal de Poio, Distrito Primeiro, Seccións 1ª a 6ª; Distrito Segundo, Seccións 1ª a 3ª, cun total de vinte e dúas mesas electorais, divididas por orde alfabético xeral.

Os sistemas informativos actuais permiten, a realización dun sorteo eficaz, rápido e transparente, seleccionando aos electores que reúnan as condicións específicas a cada caso, sen necesidade da previa selección mediante a confección de listados por separado para presidentes e outros para vogais, ao facilitar a Oficina do Censo Electoral, o soporte magnético do Censo Electoral por Seccións.

Realizado o sorteo, os funcionarios/as, mediante o sistema informático, localizan aos electores que deben formar as mesas electorais de conformidade co sorteo efectuado cubrindo os impresos oficiais que se remitirán á Xunta Electoral de Zona, asinados polo Sr. Presidente e Secretaria.

Seguidamente a Secretaria da lectura ao resultado do sorteo indicando os nomes e apelidos dos electores que deberán formar todas e cada unha das Mesas Electorais. O Pleno da Corporación considera correcto o sorteo efectuado sen formular ningunha observación, polo que lle presta conformidade, dispoñendo sexa remitido o resultado á Xunta Electoral de Zona.

A Corporación por unanimidade acordou aprobalo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás oito horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.